DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, III: Inglés-Español				
Materia	Tradución idioma 2, III: Inglés-Español			
Código	V01G230V01610			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Lorenzo Garcia, Maria Lourdes			
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	A materia concíbese como un espazo didáctico en que o alumnado deberá alcanzar competencia na resolución de problemas de dificultade elevada de tradución de textos xerados en contextos de especialización alta na combinación lingüística inglés > español (tradución 100% directa), sensibilizarse cos aspectos culturais dalgunha das comunidades de falantes da lingua estranxeira e desenvolver as súas habilidades e competencias profesionais na tradución de textos de especialización alta redactados en inglés. Enténdese que o alumnado está familiarizado cos principios metodolóxicos básicos da tradución (adquiridos a partir da materia Tradución Idioma I, 1 francés-español), da tradución inglés > español (adquiridos a partir das materias Tradución Idioma II, 1 inglés-español e Tradución Idioma II, 2 inglés-español) e que posúe coñecementos razoables (nivel C2) das linguas de traballo. Dado que o inglés é a súa segunda lingua estranxeira, suponse que a súa competencia cultural no contexto das comunidades angloparlantes está nun nivel medio-alto.			

Competencias de titulación	
Código	
A1	Dominio de linguas estranxeiras
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
A7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización
A9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
A12	Posuír unha ampla cultura
A17	Capacidade de tomar decisións
A21	Rigor e seriedade no traballo
A27	Capacidade de razoamento crítico
A32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
B1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B4	Resolución de problemas
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Toma de decisións
B8	Compromiso ético e deontolóxico
B9	Razoamento crítico
B10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
B12	Traballo en equipo
B13	Traballo nun contexto internacional
B14	Motivación pola calidade

B17	Comprensión doutras culturas e costumes
B18	Creatividade
B19	Iniciativa e espírito emprendedor
B20	Lideranza
B23	Capacidade de traballo individual
B24	Deseño e administración de proxectos

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
O alumno será capaz de traducir textos dunha especialización alta na combinación inglés>español.	A1 A3 A4 A5 A7 A17 A21	B1 B2 B4 B6 B7 B23
O alumno perfeccionará a súa competencia cultural, que se presupón medio-alta, nas comunidades angloparlantes.	A2 A7 A12 A32	B6 B7 B9 B10 B17
O alumno terá os coñecementos suficientes e as ferramentas necesarias para distinguir e elaborar unha tradución de calidade na combinación inglés>español.	A4 A17 A27	B1 B2 B6 B7 B9 B14
O alumno acadará coñecementos básicos do mercado da tradución inglés/español.	A9	B8 B12 B13 B18 B19 B20 B23 B24

Contidos

Tema	
Unidade 1: A tradución de textos (III).	1.1. Textos narrativos e descritivos (LIX). 1.2. Textos instrutivos. 1.3. Introdución á tradución especializada: textos científico-técnicos (instrucións de maquinaria, de software, etc.) e audiovisuais
Unidade 2: Contextos culturais: países anglosaxóns	2.1. Aspectos culturais básicos. 2.2. Contexto sociopolítico e histórico. 2.3. Gastronomía e vida diaria.
Unidade 3: Control de calidade (III).	Esta unidade non ten subtemas.
Unidade 4: O mercado da tradución inglés-español/galego.	Esta unidade non ten subtemas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Titoría en grupo	6	0	6
Resolución de problemas e/ou exercicios	16	12	28
Traballos de aula	10	0	10
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	20	20
Estudos/actividades previos	0	10	10
Sesión maxistral	8	15	23
Obradoiros	2	6	8
Actividades introdutorias	2	0	2
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	10	12
Traballos e proxectos	0	25	25
Estudo de casos/análise de situacións	2	4	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Titoría en grupo	As titorías grupais son sesións de dúbidas e resolución das mesmas entre todos, coa guía da profesora, encamiñadas a planificar e preparar as encomendas de curso.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Os puntos teóricos explicados nas clases maxistrais exercitaranse a través de actividades de resolución de problemas ou exercicios que se levarán a cabo en clase en parellas ou en grupos reducidos.
Traballos de aula	Os traballos de aula son máis amplos que as tarefas de resolución de problemas e exercicios. Trátase de traballos guiados que fomentarán a aprendizaxe autónoma dos alumnos e que se levarán a cabo na aula, na biblioteca ou na sala de ordenadores da facultade.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Os puntos teóricos explicados nas clases maxistrais exercitaranse a través de actividades de resolución de problemas ou exercicios que o alumno realiza individualmente na casa.
Estudos/actividades previos	Hai no curso unha serie de lecturas obrigatorias (e outras recomendadas). O alumno deberá asimilar as primeiras, de cuxo contido se examinará.
Sesión maxistral	Nas clases maxistrais explicaranse os puntos teóricos que logo se exercitarán a través de distintas actividades e traballos.
Obradoiros	Os obradoiros están concibidos como sesións monográficas sobre diferentes especialidades de tradución (cómic, subtitulación, literatura infantil, divulgación científica, mercado da tradución, tradución e edición, etc.).
Actividades introdutorias	Durante a primeira sesión explicaranse os obxectivos que se acadarán, o temario, a forma na que se desenvolve a docencia e o sistema de avaliación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Actividades introdutorias	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno, tanto dentro das aulas como nos horarios de titorías oficiais. Tamén se atenderá ao alumnado vía correo electrónico e a través da plataforma TEMA.
Titoría en grupo	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno, tanto dentro das aulas como nos horarios de titorías oficiais. Tamén se atenderá ao alumnado vía correo electrónico e a través da plataforma TEMA.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno, tanto dentro das aulas como nos horarios de titorías oficiais. Tamén se atenderá ao alumnado vía correo electrónico e a través da plataforma TEMA.
Traballos de aula	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno, tanto dentro das aulas como nos horarios de titorías oficiais. Tamén se atenderá ao alumnado vía correo electrónico e a través da plataforma TEMA.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno, tanto dentro das aulas como nos horarios de titorías oficiais. Tamén se atenderá ao alumnado vía correo electrónico e a través da plataforma TEMA.
Obradoiros	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno, tanto dentro das aulas como nos horarios de titorías oficiais. Tamén se atenderá ao alumnado vía correo electrónico e a través da plataforma TEMA.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Exame teórico dos contidos.	25
Traballos e proxectos	Proxecto de curso: simulación de encomenda profesional (inglés > español).	50
Estudo de casos/análise de situacións	Exame práctico no que se dará conta da aprendizaxe teórico-práctica da materia a través de diferentes estudos de caso.	25

Outros comentarios sobre a Avaliación

Esta materia é presencial e a súa avaliación continua (80% de presencialidade). Porén, se algún alumno, por causa xustificada, non pode seguir este sistema de avaliación, deberá presentar nas dúas primeiras semanas de clase un escrito asinado especificando este particular. Nese caso, presentarase ao exame de avaliación única, que o docente fixará coa devandita antelación (avisarase tanto na aula como a través da plataforma TEMA) e que terá lugar nas últimas sesións da materia; este exame, que se contestará en español, abranguerá tódolos contidos da materia, tanto teóricos como prácticos (preguntas teórico-prácticas baseadas na maioría en estudos de caso) e a el poderanse levar dicionarios, material de curso, apuntamentos e poderá usarse internet (non correo electrónico). A nota dese exame será a nota final.

Os alumos que opten polo sistema de avaliación continua e non superen a materia ou desexan subir nota tamén poderán presentarse ao exame oficial de xuño (ou de calquera convocatoria subseguinte), que incluirá tódolos contidos da materia. No caso dos alumnos que se presenten ao devandito exame para subir nota, enténdese que renuncian á súa nota da avaliación continua.

Con respecto á avaliación de traballos e proxectos, se se detecta que estes (ou partes) son plaxios, a cualificación dos mesmos será 0.

Nas diferentes probas, que fan media segundo as porcentaxes indicadas, terán sempre que acadar a puntuación mínima de 5.

INCLUIRASE UNHA PREGUNTA NAS PROBAS DE DESENVOLVEMENTO SOBRE A OBRA LITERARIA OBRIGATORIA DE CURSO.

Bibliografía. Fontes de información

BIBLIOGRAFÍA OBRIGATORIA:

House, Juliane. ____ 2001. "Translation Quality Assessment: Linguistic Description versus Social Evaluation", *Meta*, 46, 243-257.

Kelly, D. (ed.). 2000. *La traducción y la interpretación en España hoy: perspectivas profesionales*. Granada: Ed. Comares.

Taylor, Ch. 2006. "Which Strategy for Which Text? Translation Strategies for Languages for Special Purposes", en Gotti, M. & S. Sarcevic (eds.). *Insights into Specialized Translation*. Bern: Peter Lang, 27-54.

Thomson, A.J. & Martinet, A.V.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 2, I: Inglés-Español/V01G230V01410
Tradución idioma 2, II: Inglés-Español/V01G230V01507